

Beiras: Escritor na súa terra, posuidor «do don da palabra»

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega entrega a letra E ao político, economista, ensaísta e tradutor compostelán

[Ana Triñáns](#)

Santiago 15 xuño 2025

<https://www.elcorreogallego.es/santiago/2025/06/15/beiras-escritor-na-sua-terra-118627961.html>

«E para empezar: Altri NON!», finalizaba así a súa intervención no auditorio do **CGAC** (Centro Galego de Arte Contemporánea) o **político**, economista, **ensaísta** e tradutor **Xosé Manuel Beiras** ([Compostela](#), 1936), homenaxeado este ano pola **Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega** (AELG) co galardón '**O Escritor na súa terra-Letra E**'.

Un recoñecemento que pon en valor o traballo escrito dunha **figura fundamental da vida política e cultural galega**, que pese á boa nómina de ensaios e obras traducidas, sobre todo do **francés**, foi sobre todo un **creador oral**. Para a historia quedan as súas intervencións no [Parlamento de Galicia](#) e os seus discursos na **praza da Quintana** os [25 de xullo](#) mostrando, como lembrou no acto a [alcaldesa de Santiago, Goretti Sanmartín](#), ser posuidor do «don da palabra».

No evento de homenaxe a Xosé Manuel Beiras, onde se lle entregou a **peza escultórica coa letra E** creada polo artista ponteareán **Silverio Rivas**, ademais da rexedora de Santiago interviron o presidente da AELG, **Cesáreo Sánchez**, a vicepresidenta da asociación, **Beatriz Maceda**, e **Miguel Anxo Fernán-Vello**, autor da *laudatio* ao homenaxeado. No seu discurso de eloxio, o poeta referiuse ao recoñecemento como «**un acto de xustiza poética**», facendo referencia aos filósofos Hannah **Arendt**, Walter **Benjamin** e [Martha Nussbaum](#).

«Beiras levou a cabo un acto ensaístico fundante», pronunciou Fernán-Vello sobre a obra do economista, cuxo estilo creativo definiu como «**beirista**, marca da casa» mais reivindicando que "como escritor é dono dun **estilo literario único e con voz poética propia** e como orador **Cáccamo** definiuno como **volcánico, sinfónico e esdrúxulo**"... O poeta fixo un percorrido pola biografía do homenaxeado e a súa relación coa literatura, xa dende os 11 anos, a súa participación de novo na **Editorial Galaxia** ou os seus artigos xornalísticos «irremediabilmente lúcidos». Sen esquecer [as palabras do poeta Méndez Ferrín](#) sobre o orador homenaxeado: «**Brillante escritor e intelectual de altísimo porte**».

A este emocionado Fernán Vello respondía Xosé Manuel Beiras iniciando o seu discurso en **1940**, cando aos catro anos se criaba vendo as [rúas ateigadas de franquismo](#) mentres no interior da súa casa reinaban [Rosalía](#) a **Xeración Nós** e a lingua falada era o [galego](#). Lembrou o **político nacionalista** que "case simultaneamente aprendín a ler en galego e **castelán**", despois chegou o **piano**, unha crianza chea de lingua e música, coa fortuna de que seu pai lles procurase unha educación "sen pasar pola **escola fascista** nin polos colexios de curas". Chegaba entón o mestre **Xesús Pereira** e con el a **maieutica socrática** que logo o Beiras profesor replicaría nas súas aulas.

Negou na súa intervención Xosé Manuel Beiras ser **tradutor**: "Só fixen traducións", igual que xa antes negara ser **escritor**, mais lembrou tamén as palabras de Ferrín: "**Pois se o Beiras non é escritor, daquela que raio é**", para engadir acto seguido no auditorio do [CGAC](#): "Parece que vin aquí a autonegarme".

Definíndose como «privilexiado», Beiras viaxou polos seus **oito decenios** até chegar a este «vello **señorito da Reboraina**» para amosar o paralelismo entre a infancia franquista de aniquilación do galego e a senectude na que presencia o [xenocidio en Gaza](#) e como o poder galego trata o idioma propio «como máis estranxeiro ca o inglés».

«Ben sabedes», finalizaba Beiras, «só os ignorantes e fériados e duros, imbeciles e escuros, non nos entenden». «Mais o país está moi vivo por abaixo, a cidadanía desalienada combate en todas as fronteiras, e o día chegará en que unha grande **revolución cívica** expulsaraos do poder, a vida nacerá de novo e **os nosos netos levarán a cabo aquilo que soñamos**».

Reivindicación da escrita e da oralidade 'beirista'

Durante o acto de homenaxe no CGAC, todos os intervintes, ademais do poeta Fernán Vello, percorreron os **textos de Xosé Manuel Beiras**, dende os ensaios até os seus artigos xornalísticos sen esquecer tampouco as traducións, nas que trouxo para o galego obras de autores tan relevantes coma **Jean Paul Sartre** ou **Albert Camus**.

A rexedora Goretti Sanmartín, como xa fixera no parque de Galeras minutos antes non deixou pasar a ocasión de proclamar que este acto de homenaxe a Beiras supón "un día especialmente feliz para Santiago" e apuntou a posibilidade de realizar un **roteiro polos lugares da vida do homenaxeado**: Galeras, a rúa do Vilar, o Preguntoiro, a Rosaleda...

Sen deixar de lembrar [a compañeira do escritor, a pintora xa desaparecida e filla predilecta da cidade, Aurichu Pereira](#), ao seu pai **Manuel Beiras** "concelleiro en Santiago, ao **avó Hixinio**" ou ao mestre Xesús Pereira, Sanmartín rematou a súa intervención convidando a Xosé Manuel Beiras "a que escriba sobre Santiago, pois non vai faltar ánimo lector".

Beatriz Maceda (vicepresidenta da AELG) defendeu a meta da asociación: "**premiar autorías e obras vivas e socialmente activas**". E citou o propio homenaxeado: "Galiza ten que ser aquilo que é no seu cerne".

Maceda xustificou a escolla para este 'Escritor na súa terra' e esta letra E referindo que Xosé Manuel Beiras "empezou a escribir porque lle interesaba o seu país" e reivindicando que "**os seus libros son un referente esencial para entender o noso país**".

O presidente da AELG, Cesáreo Sánchez, agradeceu dende persoal o interese que sempre amosou o homenaxeado por promover a implicación sociocultural dos autores en lingua galega e describindo a relevancia de Beiras asegurando que foi a del "unha existencia que tivo a **Galicia**

como elemento fundamental". Mais centrou boa parte do seu discurso en lembrar a primeira Asociación de Escritores Galegos, creado en **1936**, ano no que "o golpe fascista fixo caer a **República**", truncando a evolución desta entidade integrada por figuras coma Ramón Otero Pedrayo, Fermín Bouza Brey, Ricardo Carvalho Calero ou o propio [Castelao](#) -con quen Fernán-Vello comparou a Xosé Manuel Beiras-.

Entre as obras, por todos citadas: ***O atraso económico de Galicia***, *Prosas de combate e maldicer*, *Por unha Galiza liberada e novos ensaios* e ***Exhortación á desobediencia***.

Un teixo, para un druída

Antes do acto máis formal no CGAC, o escenario da homenaxe foi o **parque de Galeras**, [á beira do Sarela](#) antes chamado «**o río dos sapos**», dixo Beiras. Alí, descubriuse un monólito co verso: «**Meu amor de madrugada**» e plantouse un **teixo**, «a árbore dos druídas», aclarou a rexedora Goretti Sanmartín.

Nese evento, Xosé Manuel Beiras, logo de saudar á "ilustrísima e **valente alcaldesa** compostelá" e ao "ilustre amigo e presidente da asociación de escritores e escritoras en lingua galega" afirmou: «Resúltame abrumador que a asociación me considere escritor cando eu mesmo nunca me considerei escritor».

O político nacionalista lembrou a súa **infancia en Galeras**, subindo até o monte **Pedroso**, aqueles anos de fielato, aqueles tempos franquistas, contando unha anécdota con María Rodríguez Turnes, traballadora na casa familiar dos Beiras. "Lembro dunha vez que María, que traía unha tina na cabeza con roupa branca para lavar e á volta traía trigo debaixo da roupa branca xa lavada para levalo despois aos muíños do **Carne de abaixo** e facer algo de pan branco para o meu pai que era delicado do estómago, desa vez, o tipo do fielato parouna e o seguinte que recordo é o tipo do **fielato**, que era baixinho, correndo perseguido por María".

Con esta lembranza, Xosé Manuel Beiras concluíu a súa intervención declarando que «a miña forza sempre foron as xentes do meu país».